Expte: 2632/232
Retirar: 20/08/2024

BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Deputación Pontevedra

Luns, 5 de agosto de 2024
Núm. 151

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## VIGO

### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*EMPRAZAMENTO ÁS PERSOAS INTERESADAS NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, PROCEDEMENTO ORDINARIO 180/2024, QUE SE SEGUE NO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DE VIGO*

O Concello de Vigo recibiu oficio do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, no que se require o emprazamento de cantas persoas aparezan como interesadas no recurso contencioso-administrativo que se segue no PA 180/2024, interposto polo sindicato CSIF contra a Rectificación da Oferta de Emprego Público 2023 do Concello de Vigo aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12/04/2024 (expediente 41400-220), publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 23/04/2024.

En consecuencia, este concello acordou, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, o envío do correspondente expediente administrativo ao antedito xulgado. O que se publica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos no referido xulgado, no prazo de nove días, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Vigo, data da sinatura dixital

A concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024)-. María Olga Alonso Suárez.

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).- Patricia Rodríguez Calviño.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:MZZ0PZNLCUE4PY9P